



Asunto: Anuncio da publicación da resolución provisional da convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e apoio á realización de actividades físicas e deportivas a realizar durante o exercicio 2021

ANUNCIO

A Concellería de Deportes do Concello da Coruña convocou para o ano 2021, a través do acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2021, as subvencións dirixidas a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e apoio á realización de actividades físicas e deportivas a realizar durante o exercicio 2021.

A convocatoria de subvencións publicouse no BOP número 42, do 4 de marzo de 2021, coa seguinte referencia: Ref. 211/2021/79 Convocatoria Deportes - BDNS (Identif.): 551191.

Emitida o día 27 de xullo de 2021 a proposta de resolución provisional da convocatoria indicada, publícase con este Anuncio unha copia dá dita proposta para coñecemento xeral.

De acordo co establecido na Base 15 das Bases reguladoras desta convocatoria, e no artigo 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

Infórmase de que o prazo de presentación das alegacións é de 5 días naturais que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, do 28 de xullo ao 2 de agosto de 2021.

Neste prazo as entidades interesadas (solicitantes e beneficiarias) poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

A proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración, mentres non se lle notifique a resolución definitiva da concesión.

A Coruña, na data de firma electrónica deste documento.

O xefe do servizo de Deportes

Fernando Pérez San Vicente